


**PROTOCOLO DE
ACTUACIÓN ANTE
AGRESIONES MACHISTAS**



Índice:

- 1. Introducción**
- 2. Obxectivos**
- 3. Suxeitos intervintes**
- 4. Clasificación das agresións**
- 5. Procedemento e funcionamento das AZAF/ANAF.**
- 6. Sancións**



1. Introducción

Erguer. Estudiantes da Galiza, como organización estudantil que ten nos seus obxectivos principais a consecución dun ensino feminista, e como organización que ten analizado a nosa inserción nun sistema patriarcal e capitalista, debemos deseñar as ferramentas que nos permitan erradicar condutas que vaian en contra dos nosos principios ideolóxicos e procurar a máxima seguridade para todas aquelas persoas que desexen sumarse ao noso proxecto, especialmente aquelas que no sistema se ven afectadas por violencias diarias. A teoría e divulgación feministas deben ir acompañados da praxe feminista, e por iso este documento trata especificamente das actuacións que desde os órganos marcados debemos realizar sobre as agresións de todo tipo que se poden dar no seo da nosa organización ou estando involucradas militantes de Erguer.

Calquera persoa que desexe entrar a participar nesta organización debe aceptar que o feminismo é un dos nosos piares, mais tamén debe traballar por lograr desde o exemplo unha sociedade que vaia deixando atrás calquera aspecto que reproduza o patriarcado.

O noso compromiso para coas mozas que militamos e con todas aquelas que acudan a nós para denunciar unha agresión, ademais da sororidade que debemos practicar con todas as mulleres arredor do mundo, pasa tamén polo establecemento de dito protocolo para tratar estas situacións co maior dos coidados e efectividade posibles, desexando non ter que recorrer a el.

2. Obxectivos:

Obxectivos xerais:

- Actuar ante as agresións machistas de ocorran dentro e fóra dos espazos de Erguer. Estudiantes da Galiza pero que involucren a membros da organización.
- Sensibilizar aos compañeiros das agresións e a importancia que teñen co obxectivo de conciencialos sobre a corresponsabilidade que poden ter en determinadas situacións.
- Visibilizar as agresións de menor intensidade que se producen con frecuencia na organización.

Obxectivos específicos:

- Que os espazos onde participe Erguer. Estudiantes da Galiza sexan espazos seguros para as mozas.
- Conseguir que as Asembleas Zonais de Acción Feminista e a Asemblea Nacional de Acción Feminista sexan espazos de seguridade e confidencialidade aos que poder acudir atopando comprensión e axuda.

- Desresponsabilizar ás vítimas da situación.
- Divulgar os recursos e medidas da organización entre as membros para garantir unha rapidez e eficacia á hora de actuar.
- Avaliar o protocolo e modificalo consecuentemente.

3. Suxeitos intervintes.

- Agresores activos: exercen a violencia directamente sobre a vítima.
- Agresores indirectos ou pasivos: dirixen ou inducen aos seus seguidores/as para que realicen actos de violencia contra as súas vítimas.
- Reforzadores dos agresores: aqueles que apoian ao agresor.
- Vítimas: constitúenno aquelas personas que padecen a violencia.
- Defensores das vítimas: quen tratan de axudar e protexer á vítima.
- Agresores e reforzadores pasivos (testemuñas): son quen prefieren non intervir na situación.

4. Clasificación das agresións:

FÍSICA:

A que se emprega contra o corpo da muller producindo dor, dano ou risco de produci-lo e calquera outra forma de maltrato ou agresión que afecte á súa integridade física.

PSICOLÓXICA:

A que causa dano emocional e diminución da autoestima ou perxudica e perturba o pleno desenvolvemento persoal ou que busca degradar ou controlar as súas accións, comportamentos, crenzas e decisións, mediante ameaza, acoso, fustigamento, restrición, humillación, deshonra, descrédito, manipulación ou illamento.

SEXUAL:

Calquera acción que implique a vulneración, en todas as súas formas, con ou sen acceso xenital, do dereito da muller de decidir voluntariamente a respecto da súa vida sexual ou reprodutiva a través de ameazas, coerción, uso da forza ou intimidación, recoñecendo como violación calquera práctica sexual non pactuada, sen importancia do tipo de relación que garden as persoas entre elas.

SIMBÓLICA:

A que a través de patróns estereotipados, mensaxes, valores, íconos ou signos transmita e reproduza dominación, desigualdade e discriminación nas relacións sociais, naturalizando a subordinación da muller na sociedade.

MILITANTE:

Todas aquelas agresións verbais e saídas de ton con notado carácter machista ou a infantilización e/ou paternalización á hora de tratar coas compañeiras. Tamén están incluídas o uso dunha linguaxe sexista, o menosprezo cara unha moza que denuncia unha situación de acoso/abuso/intimidación ou de calqueira violencia que sufra polo mero feito de ser muller.

5. Procedemento e funcionamento das AZAF/ANAF.

Para poñer en funcionamento o protocolo nun caso que requira un procedemento máis aló dunha chamada de atención no momento de producirse, establecerase un grupo de mínimo 5 e máximo de 15 rapazas membros de Erguer. Estudantes da Galiza e sendo membro polo menos unha da ANAF, evitando que estean involucradas testemuñas ou vítima/s. Este grupo pode ser a propia Asemblea de Zona de Acción Feminista se consegue reunir os requisitos.

Para formalo tentárase que na súa totalidade estea formada polas membros da zona. Se non hai capacidade suficiente nesa zona, incluírase ás membros de zonas próximas e da ANAF. De involucrar a varias zonas o grupo poderá estar formado polas rapazas delas que así o desexen e cumpran os requisitos.

A ANAF debe en todo momento proporcionar axuda ao grupo encargado e elaborarse un rexistro coa resolución de cada caso para poder analízalas e recorrer a elas en casos semellantes.

As agresións poden chegar ben pola propia vítima, por algunha testemuña da agresión ou ben por algunha persoa que teña coñecemento directo do acontecido.

Existen unha serie de puntos que se deben ter presentes en todo momento:

1. En todo momento debe tomarse a denuncia como algo real e grave, actuando en consecuencia.
2. Toda a información que chegue tanto aos organismos da ANAF/AZAF como ás membros de Erguer debe ser tratada unicamente nos espazos correspondentes/ persoas necesarias. En ningún momento pode exporse información que se decida neses organismos como privada. Sendo isto un motivo de sanción de non existir causa xustificada.
3. A vítima debe ter un espazo seguro e darlle credibilidade evitando a culpabilización da agresión e tomar as precaucións necesarias para evitar causarlle o menor dano posible ao tratarse dunha agresión grave (non ter que repetir o acontecido varias veces, que non comparta outra vez espazo co agresor, tomar parte da súa versión nas condicións que ela considere máis cómodas ou cuestionala sen probas).
4. Só cando o caso sexa presentado por algunha persoa en redes sociais, entendendo que a repercusión o fai preciso, a organización tamén fará declaracións públicas coa súa resolución total ou parcial.

5. Independentemente das cuestións que se poidan manifestar publicamente, de considerarse non prexudicial para a vítima, debe informarse ás membros de Erguer. Estudantes da Galiza da/s Asemblea/s de zona e na vindeira Asemblea Nacional de Acción Feminista que se realice.

6. Toda testemuña que se presente á hora de avaliar o caso debe estar o menos deturpada posible, é dicir, serán presentadas por escrito ou en persoa. Só en casos moi excepcionais, que validará o grupo encargado de aplicar o protocolo, servirá como proba aquelas expostas de palabra por membros de Erguer de conversacións coas implicadas.

7. O caso debe ser resolto coa maior axilidade posible.

8. De participar o agresor, unha vez resolto que a agresión si ocorreu, nalgunha organización coa que compartamos espazos debe trasladarselle para que tomen as medidas correspondentes.



